



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

A CORUÑA

Persoal

Anuncio publicación complementaria da resolución do concurso ordinario C.E. 1/19 e adxudicación de postos de traballo

ANUNCIO

No BOP núm. 226 do 27/11/2023, publicouse un anuncio da resolución do concurso ordinario C.E. 1/19 e adxudicación de postos de traballo, co seguinte contido:

O concelleiro delegado responsable da Área de Economía e Planificación Urbana, por delegación da Xunta de Goberno Local, con data do 15 de novembro do 2023, adoptou a seguinte resolución:

Primeiro.- Resolver o concurso convocado por resolución da concelleira delegado de Facenda e Administración, de data 24/05/2019, C.E. 1/19 (BOP núm. 107, do 7/06/2019), modificada mediante resolución do concelleiro delegado de Economía, Facenda e Réxime Interior, de data 26/06/2020, e corrixida mediante resolución do 09/07/2020 (BOP núm. 96, do 29/06/2020 e BOP núm. 107 do 17/07/2020). Posteriormente, modificada mediante resolución do 15/01/2021, en execución da sentenza do xulgado do contencioso – administrativo núm. 2 da Coruña, de data do 19/10/2020.

Segundo.- Adxudicar os postos de traballo que se detallan no Anexo, de conformidade coa proposta de adxudicación realizada pola comisión de valoración o 3/11/2023.

Terceiro.- Diferir o cesamento, en aras de manter o correcto funcionamento dos servizos, que terá lugar o día 10 de xaneiro de 2024.

O prazo de toma de posesión será de 3 días hábiles, se o posto de traballo adxudicado se atopa na mesma localidade, ou dun mes, se radica en localidade distinta. Este prazo comezará a contarse a partir do día seguinte ao cesamento.

ANEXO

.....

Como complemento ao devandito anuncio e debido a falta da mención sobre o recursos que procedan ante a mencionada resolución, engádese o seguinte:

De acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse, con carácter potestativo, un recurso de reposición no prazo dun mes ante o mesmo órgano que a ditou ou un recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante o órgano competente da xurisdición contencioso-administrativa contados a partir do día seguinte ao da publicación do acto que poña fin á vía administrativa. No caso de interpoñer un recurso de reposición, non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación presunta.

A Coruña, 30 de novembro do 2023

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, P.D.

O concelleiro delegado responsable da Área de Economía e Planificación Urbana

José Manuel Lage Tuñas

2023/9537